

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día un de outubro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Victorio Repetto Morbán, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a autorización do uso especial do dominio publico para instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedoiros nos edificios e instalacións municipais, exp. ref. 2025/C013/000002.

Tamén se acorda a incoación de expediente de penalidade por incumprimentos moi graves no contrato de servizo de roza en pistas en diversas parroquias da zona rural do Concello de Lugo. lote 2 roza en parroquias na zona leste e lote 3 roza en parroquias na zona sur.

Así mesmo, acórdase a adxudicación na contratación do servizo de conservación e mantemento dos campos de fútbol e béisbol do Cncello de Lugo, exp. ref. 2025/C003/000019.

2. FOMENTO.- Acórdase aprobar a execución e avaliación no exercicio 2024, do plan estratéxico de subvencións 2023-2025, do Excmo. Concello de Lugo.

3. PERSOAL.- Acórdase a modificación do acordo 3/358 convocatoria concurso provisión de varios postos de xefe/a de grupo.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac6589126238018514419.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 1-10-2025

6. validación do grao persoal consolidado, nivel 30, e aboamento das diferenzas retributivas correspondentes a favor do xefe de servizo de contratación e patrimonio do Excmo. Concello de Lugo.

Fóra da orde do día

- Acórdase a aprobación do Plan de autoprotección do San Froilán.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Dinamización Económica e Relacións Institucionais e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Victorio Repetto Morbán.